

IES LAURO OLMO

ANEXO: CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA

MARZO 2022

Con motivo do proceso de implantación da LOMLOE, o departamento de Xeografía e Historia ten que dar conta dos seguintes cambios ao respecto do punto 8 das programacións dos cursos, sobre o procedemento de avaliación extraordinaria.

Na **ESO** desaparece a avaliación extraordinaria polo que neste caso as variacións quedan como sigue:

- Habará unha terceira avaliación a principios de xuño, en torno ao día 6 e unha avaliación ordinaria sobre o día 21 de xuño.
- O alumnado avaliado positivamente no curso, coas tres avaliacións aprobadas, realizará actividades de ampliación para consolidar ou mellorar a nota final.
- O alumnado con avaliacións pendentes realizará actividades de recuperación que lle permitirán preparar un exame para tentar superar os obxectivos marcados nas programacións.

En **1º de Bacharelato**:

- A avaliación ordinaria farase o día 9 de xuño, polo que o alumnado que superara todas as avaliacións terá aprobada a materia de Historia do Mundo Contemporáneo
- A avaliación extraordinaria, que antes era en setembro, adiantase para se realizar en torno ao día 20 de xuño.
- Así pois esta avaliación extraordinaria de xuño ofrece ao alumnado a posibilidade de realizar unha proba para superar aqueles contidos mínimos necesarios para aprobar a área.

Compre salientar o seguinte, tanto para o alumnado da ESO como para o do Bacharelato: no caso que se copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos.